





# FERVENZAS DO RÍO XARES

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 13 km (ida e volta)  
**Dificultade:** alta  
**Duración:** 6 horas



Un percorrido en terreos do concello da Veiga dentro do Espazo Natural Pena Trevinca.

A ruta segue o río Xares polo fondo do val glaciar que se formou na vertente oeste de Pena Trevinca.

No camiño podemos gozar de espectaculares paisaxes das serras e do val e o traballo do río nas distintas zonas, ao que hai que engadir a gran diversidade de animais e plantas. Para gozar das fervezas en toda a súa plenitude é mellor ir no inverno ou comezos da primavera.

O río Xares nace na serra do Eixe, debaixo de Pena Trevinca e no seu primeiro tramo cai por varios escalóns rochosos das paredes do antigo val glaciar formando en cada un deles varias fervezas. A de máis altura atópase na caída do Escavadoiro.

## COMO CHEGAR


Desde A Veiga dirixímonos á Ponte, onde deixamos o coche.

A partir de alí remontamos o curso do Xares. Nun primeiro tramo seguimos o camiño que cruza a ponte da Olgas e remata nun prados, despois

de pasar unhas cabanas. A partir de ahí hai que seguir, un pouco intuitivamente, o percorrido do río por onde se poida, sen achegarse demasiado a el porque hai zonas con moitos desniveis. As fervezas vánsenos anunciando polo barullo da auga. As máis grandes atópanse entre a confluencia do Xares co Valilongo e o comezo do Escavadoiro. Río arriba hai máis saltos, pero non se accede por este camiño. Para volver podemos atallar baixando en dirección ás cabanas da Veiga de Cebas.



Tres detalles da ferveza máis grande







Confluencia do Xares (á dereita) e o Vailongo (de fronte) no fondo do val glaciar.



Ponte das Olga no verán



Dúas fervezas no camiño

